



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: CONCESIÓN DE “AXUDAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA ALUMNOS/AS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA, FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO OU EDUCACIÓN ESPECIAL DE CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DA LOCALIDADE PARA FAMILIAS AFECTADOS POLA COVID-19” financiadas coa achega provincial POS+adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios.

EXPEDIENTE: 2022/G003/002158

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO. As bases reguladoras da convocatoria foron aprobadas mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos en data 25 de agosto de 2022, publicadas na BDNS (Identif.647200) e en extracto no BOP núm. 171 do 16/09/2022, así como na sede electrónica do Concello de Betanzos.

SEGUNDO. O prazo de presentación de solicitudes abrangueu dende o día 17/09/2022 ao 17/10/2022. Foron presentadas dentro do prazo establecido un total de 30 solicitudes.

TERCEIRO. Logo do exame e revisión de toda a documentación achegada a traballadora social do Concello de Betanzos con número de colexiada 1135 elabora a proposta provisional de concesión das axudas.

CUARTO. No expediente con número 2022/A008/000023 consta a consulta, dos beneficiarios que non se opuxeron á mesma, que acredita que os mesmos se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, co concello de Betanzos e a Seguridade Social.

QUINTO. Informe de fiscalización da Intervención Municipal con resultado: “*Fiscalizado de conformidade con observacións*”.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Bases reguladoras indicadas nos antecedentes.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ley 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Ley orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Calquera outra disposición normativa que, pola súa natureza, poidese resultar de aplicación.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime

Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

CONSIDERACIÓNS:

PRIMEIRA. No punto sexto das bases da convocatoria establécense os requisitos dos beneficiarios das presentes axudas:

"1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas maiores de idade que na data da presentación da solicitude cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou residir legalmente en España, no caso das persoas estranxeiras.

b) Estar empadroadado/a no concello de Betanzos tanto o/a alumno/a como a persoa solicitante da axuda e convivir no mesmo domicilio. O empadramento e convivencia comprobarase de oficio.

c) Que o alumnado para o que se solicita a axuda estivese matriculado no curso 2021-2022, en educación primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional básica, formación profesional de grao medio ou educación especial dun centro da localidade.

d) Estar en situación de vulnerabilidade económica considerando isto cando o conxunto dos ingresos do ano 2021 dos membros da unidade de convivencia non superen, con carácter xeral 2 anualidades do IPREM vixente.

Este límite ampliarase a 2,5 anualidades do IPREM vixente no caso de grupos de familias de especial consideración: familias numerosas, familias monoparentais, familias con persoas maiores ao cargo, familias con persoas con discapacidade ao cargo, familias acolledoras e familias vítimas de violencia de xénero.

Os ingresos da unidade de convivencia calcularanse sumando a base imponible xeral e a especial da declaración da renda das persoas físicas do ano 2021 de todos os membros da familia.

Con carácter excepcional, as persoas afectadas por ERTE ou, no caso de autónomos ou réximes especiais que cesaran a súa actividade ou reduciran os ingresos en máis dun 75%, poderán solicitar que se teña en conta a súa situación económica actual.

e) Os titulares das axudas deberán atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello, coas facendas Públicas e coa Seguridade Social; e non poden ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello.

f) Que ningún membro da unidade de convivencia fora beneficiario da axuda, na convocatoria polo mesmo concepto do pasado ano."

SEGUNDA. O expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVO:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime

Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

PRIMEIRO. Conceder as axudas destinadas á adquisición de equipos informáticos ás persoas que se relacionan a continuación:

DNI	NOME TITULAR	IMPORTE MÁXIMO
9222*	CARELLA SALAZAR MAHEKA VALENTINA	500,00 €
9178*	EGHALREVBA ISAAC PATRICHA	500,00 €
8687*	FERNANDEZ MEJIA BIANCA	500,00 €
0083*	IRAÑETA RODRIGUEZ CRISTIAN	500,00 €
4768*	MAITA RAVAGO MARIA LEONOR	500,00 €
3693*	MOSQUERA REGUEIRO IGNACIO	500,00 €
1002*	RAMIREZ LUCIANA ANDREA	500,00 €
5403*	SALAS HERMIDA KARLA	500,00 €
1504*	DE SOUZA ARAUJO CINTIA CARLA	500,00 €
9634*	SEOANE ARES CLARA	500,00 €
3300*	TRUJILLO GRANADA ALEJANDRA	500,00 €
3683*	VAZQUEZ CASTRO ISABEL	500,00 €
3809*	VIDAL CAGIAO JAVIER	500,00 €
0583*	ZABALA QUIJADA OMIRA	500,00 €

SEGUNDO. Desestimar as seguintes solicitudes, por non cumprir os requisitos esixidos na convocatoria, pola causa de exclusión que se indica:

DNI*	NOME TITULAR	CAUSAS DE EXCLUSIÓN
9132*	ALVAREZ SILVENT ESTHER	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, d
3870*	CASOTTI MARCELO	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, d
4153*	DOURAL BARRAL ANABEL	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, d
9157*	GOMEZ VIQUEIRA LUCIA	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, c
3146*	LAGARES LUCES JAVIER	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, d
1105*	MARTINEZ BESTILLEIRO AZUCENA	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, e
8037*	MELLA PEREZ MARIA ELENA	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, d

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime

Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

DNI	NOME TITULAR	CAUSAS DE EXCLUSIÓN
3181	MONTERO REY FRANCISCO	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, d
3107	MOSQUERA VARELA MARIA	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, d
8427	NAYA LOPEZ MARIA ESTHER	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, d
7391	POUSADA MOLANES EVA	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, d
6953	REY CASTRO JOSE LUIS	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, c Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, d
4134	ROCA ROMERO MARIA JOSE	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, c Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, d
3811	SANTOS VILLAR TANIA	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, b
3228	VAZQUEZ BUGIA MARIA VANESA	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, d
9063	ZAHRA UOMEZOUGH FATIMA	Non cumpre o requisito da base 6ª, 1, d

TERCEIRO. Publicar esta resolución na sede electrónica do concello e na páxina web de acordo co artigo 45 1,b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, concedendo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte a dita publicación, para presentaren, de ser o caso, a desistencia da solicitude ou as alegacións que consideren oportunas.

No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tácitamente.

No caso de que existisen alegacións por parte dos/as interesados/as, resolveranse as mesmas e notificaranse.

CUARTO. Xustificación. Ingresado o importe, están obrigadas a **presentar a conta xustificativa da mesma e disporán dun prazo máximo de 15 días naturais** para xustificar -mediante factura- o gasto.

A conta xustificativa poderá facerse de xeito presencial nas dependencias municipais de servizos sociais, ou por medios electrónicos a través do formulario normalizado que se obterá na sede electrónica do Concello.

A acreditación do gasto mediante as facturas deberán cumprir cos requisitos regulamentarios establecidos, onde deben figurar as especificacións técnicas dos equipos, o concepto "Adquisición equipos informáticos para familias afectadas pola Covid-19", estarán datadas no período subvencionable, e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime

Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

O importe da axuda deberá ser utilizado en calquera **comercio informático da localidade**, en aras de impulsar o comercio local, e exclusivamente a efectos de adquisición de equipos informáticos para alumnado de centros escolares da localidade afectados pola Covid-19.

O importe total de cada axuda **só poderá ser utilizado nun establecemento**.

No caso de que no prazo establecido para a presentación da conta xustificativa da subvención esta non fose presentada pola persoa interesada, o órgano xestor requirirá á beneficiaria para que no prazo improrrogable de 15 días achegue a xustificación. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado dará lugar automaticamente á perda do 10% da contía concedida. A falta de presentación da xustificación no prazo adicional concedido conlevará a perda total do dereito ao cobro e a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na normativa das subvencións públicas.

QUINTO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)
Adrián J. Márquez Caramés



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).